



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto Parque Eólico Modificado Montes de Abella (expediente 103-EOL). Beneficiaria: Inverólca de Abella , SL

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Parque eólico Modificado Montes de Abella			
Día	Concello	Hora	Fincas
17/11/2021	Triacastela	10:00	4
18/11/2021	Láncara	9:30	18,53,72,85
		11:00	32,47,65
19/11/2021	Láncara	9:30	56
		10:00	21,38,67
		11:00	23,34

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advirteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 30 de setembro de 2021.-O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2854

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO, MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2020-2021

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a clubs deportivos da Provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2020-2021, anualidade 2021, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 1 de outubro de 2021, acordou:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de

1ª ou 2ª categoría absoluta estatal para os gastos de temporada 2020-2021, anualidade 2021, de acordo aos criterios de determinación do importe da subvención reflectidos na base 8 das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación

Entidade e importe da subvención:

Nº EXP.	SOLICITANTE	CIF	IMPORTE
2021/PES_03/012029	CLUB PORTA XI ENSINO C.B.	G27324284	86.919,00 €
2021/PES_03/012078	CLUB DEPORTIVO BURELA F.S.	G27272251	113.087,00 €
2021/PES_03/012010	CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL	G27170638	84.245,00 €
2021/PES_03/011981	CLUB VOLEIBOL EMEVÉ	G27041490	110.749,00 €
2021/PES_03/011979	CLUB FÚTBOL SALA FEMENINO CASTRO	G27451020	45.000,00 €

2º.- O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formularsen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base 11 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

De acordo co punto 11, *RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN*S das bases da convocatoria, procédese á notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados poidan presentar alegacións.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>.

Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal> do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá ningún recurso en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos .

Lugo, 7 de outubro de 2021.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, Mª Esther Alvarez Martínez.

R. 2896

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Os Tenentes de Alcalde, órganos individuais de natureza necesaria en tódolos Concellos, asumen a misión específica de substituír, pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Así o artigo 23.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases sobre o réxime local, establece:

“Os Tenentes de Alcalde substitúen, pola orde do seu nomeamento ao Alcalde, sendo libremente designados e revocados por este de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, donde ésta non exista, de entre os concelleiros ”.

Considerando, que por Resolución desta Alcaldía nº 288/2019, de 24 de xuño, se procedeu ao nomeamento de Tenentes de Alcalde, e ante as circunstancias producidas con posterioridade derivadas por un lado do falecemento do sr. concelleiro e Tenente de Alcalde D. José Antonio Vázquez García e por outra a imposibilidade por razóns persoais de atender ao dito cargo do sr. concelleiro, D. José Manuel Rábade Cacharrón,

Considerando pois a necesidade de proveer as vacantes existentes no cargo e á vista da norma citada e os artigos 21 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril e 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Pola presente, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Modificar a Resolución desta Alcaldía nº 288/2019, de 24 de xuño e nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros:

1º Tenente de Alcalde: D. Luis Luaña Castelo.

2º Tenente de Alcalde: Dna. Sonia Varela García.

SEGUNDO.- Establecer, aos efectos da suplencia orgánica do cargo de Alcalde-Presidente da Corporación, nos supostos previstos pola lexislación local vixente, así como o desempeño das funcións de Alcalde- Presidente nos supostos de vacante, a propia orde do seu nomeamento.

Para tal suplencia, teranse en conta as salvedades previstas no artigo 47, parágrafo 2º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como o límite que establece o artigo 48 do dito Regulamento.

TERCEIRO.- Publíquese a parte dispositiva desta Resolución no Boletín oficial da Provincia. Notifíquese persoalmente aos interesados e déaselle conta ao Pleno do Concello.

Este acordo deberá ser obxecto de publicación no seu momento na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local, co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Mándao e asíno o sr. Alcalde-Presidente, en Begonte a trinta de setembro de dous mil vinte un, de todo o cal eu Secretario dou fe.

Begonte, 30 de setembro de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R, 2856

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Considerando, que por Resolución desta Alcaldía nº 287 /2019, de data 24 de xuño, se acordou o nomeamento dos membros que compoñen a Xunta de Goberno Local e ante as circunstancias producidas con posterioridade derivadas por un lado do falecemento do sr. concelleiro e Tenente de Alcalde D. José Antonio Vázquez García e por outra a imposibilidade por razóns persoais de atender ao dito cargo do sr. concelleiro, D. José Manuel Rábade Cacharrón,

Considerando pois a necesidade de modificar a composición de dita Xunta de Goberno Local e á vista do disposto no artigo 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local e o artigo 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro),

Pola presente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar a Resolución desta Alcaldía nº 287 /2019, e nomear como membros da Xunta de Goberno Local, aos seguintes concelleiros:

- D. Luis Luaña Castelo.

- Dna. Sonia Varela García.

SEGUNDO.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín oficial da Provincia de Lugo. notifíquese persoalmente aos interesados e déaselle conta ao Concello Pleno”.

Este acordo deberá ser obxecto de publicación no seu momento na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local, co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Mándao e asíno o sr. Alcalde-Presidente, en Begonte a trinta de setembro de dous mil vinte un, de todo o cal eu Secretario dou fe.

Begonte, 30 de setembro de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2857

CERVO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 30 de setembro de 2021, o expediente de modificación de crédito núm. 19/2021 por transferencia de crédito núm. 3/2021 entre distintas áreas de gasto,

dentro do vixente Orzamento Municipal para 2021, en cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Alcalde - Presidente desta Corporación.

Cervo, 1 de outubro de 2021.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2858

O CORGO

Anuncio

Fanse públicas as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía do 30 de setembro de 2021, que se transcriben de seguido:

“BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN/DUNHA TRABALLADOR/A SOCIAL E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.”

PRIMEIRA.-OBJECTO E NORMATIVA APLICABLE

A presente convocatoria ten por obxecto a selección dun candidato/a, así como a formación dunha bolsa de emprego, para o desempeño temporal do posto de traballo de traballador/a social do Concello do Corgo, por acumulación de tarefas ou circunstancias eventuais na prestación de servizos sociais, substitución do traballador/ra social nos supostos de reserva de posto de traballo, vacacións, baixas laborais, ou por maternidade da titular.

TRABALLADOR/A SOCIAL

Selección dun candidato para o desempeño temporal do posto de traballo de traballador/a social.

O obxecto é cubrir o referido posto de traballo dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos desta entidade local, nos supostos antes indicados.

O citado traballador/ra estará integrado na Unidade de Traballo Social, de conformidade co establecido no artigo 34 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento.

O presente procedemento selectivo servirá ademais, de bolsa de emprego, para contratar temporalmente en caso de producirse vacante no mesmo posto de traballo. Esta bolsa terá unha validez máxima de dous anos a contar desde o día seguinte a resolución do alcalde polo que se acorda a contratación do candidato seleccionado, tras a finalización do procedemento selectivo.

Esta bolsa formarase con aqueles candidatos que superen o referido procedemento.

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local. Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do estado e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.- FUNCÍONS.

As funcións a desempeñar serán as de traballador/a social dos Servizos Sociais comunitarios básicos dentro do programa de valoración, orientación e información en materia social ás persoas, grupos ou á comunidade en xeral, a xestión do programa do Servizo de Axuda no Fogar, así como o desenvolvemento das funcións establecidas no Decreto 99/2012, de 16 de marzo.

A xornada laboral será a xornada completa.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (en adiante, LEPE), referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) *Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con conforme ao disposto no artigo 52 da LEPG, permita o acceso ao emprego público, como as seguintes:*
- *As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.*
 - *As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.*
 - *As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinteún anos ou maiores desa idade dependentes.*
 - *As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinteún anos, ou maiores de dita idade dependentes.*
 - *As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.*
- b) *Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela: diplomatura en Traballo Social, Grao en Traballo Social ou Asistente Social.*
- c) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fora separada ou inhabilitada.*
- No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constituiconais ou estatutario das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.*
- No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos términos anteriores.*
- d) *Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*
- e) *Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas.*
- Os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ao superior ao 33% **deberán indicalo expresamente na solicitude**, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, acompañándoa da correspondente certificación acreditativa do grao e tipo de minusvalidez, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.*
- f) *Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 4 (ou o curso de perfeccionamiento, nos termos establecidos na disposición adicional 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, poderase acreditar no primeiro exercicio do sistema selectivo que se indica na cláusula seguinte.*

CUARTA.- PROCEDEMENTO SELECTIVO

O proceso de selección consistirá na realización dunhas probas selectivas e un concurso de méritos:

1º EXERCICIO: *de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá nunha proba escrita, tipo test de 60 preguntas, a desenvolver en 60 minutos, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria que figura no anexo III. Cada resposta correcta sumará 0,60 puntos e cada resposta incorrecta restará 0,20 puntos. As preguntas non contestadas non restarán. Para superar este exercicio será necesario acadar un mínimo de 18 puntos e puntuará ata un máximo de 36 puntos.*

2º EXERCICIO: *obrigatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 4 (ou o curso de perfeccionamento), nos termos establecidos na disposición adicional 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007.*

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto.

3º.- CONCURSO DE MÉRITOS:

.-Valorarase a experiencia en postos de traballo de traballador/a social desempeñados en Concellos, ata un máximo de 10 puntos, a razón de 0,16 puntos por mes completo traballado.

Entenderase por mes completo traballado 30 días naturais. Se os candidatos acreditasen días naturais soltos de traballo, como consecuencia de diversos contratos ou servizos prestados nos Concellos, estes sumaranse ata acadar 30 días naturais (1 mes completo). Se sobrasen días cuxa suma non chegue a 30 días naturais, desprezaranse na puntuación.

Só computarán os méritos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.

A acreditación do tempo desempeñado no posto de traballo nos concellos, realizarase mediante certificado do secretario/a do concello no que conste o posto de traballo desempeñado, duración dos servizos, distinguindo se se desempeñaron a tempo completo ou parcial. Neste caso, deberase expresar o nº de horas ou porcentaxe da xornada con respecto á legal. No seu defecto, tamén poderá acreditarse cos contratos laborais debidamente autenticados acompañados da vida laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que deberá constar a porcentaxe da xornada con respecto á total.

A puntuación total virá determinada pola obtida no primeiro exercicio máis a obtida no concurso de méritos. Porén, os méritos só puntuarán si se supera o exercicio teórico.

No caso de empate nas puntuacións finais (concurso máis oposición) entre dous ou máis candidatos, desempatarase co candidato que teña máis servizos prestados nos concellos.

O tribunal elevará proposta de contratación temporal ao órgano competente, do candidato que obtivese máis puntuación. Así mesmo, elaborará unha lista coas puntuacións dos candidatos que superaron o segundo exercicio para formar a bolsa de emprego para futuras contratacións.

QUINTA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello, na páxina web www.concellodocorgo.com e na sede electrónica do concello do Corgo concellodocorgo.sedelectronica.gal.

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante os modelos que figuran no Anexo I (solicitud) e Anexo II (relación de méritos aportados) da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, ou na sede electrónica (concellodocorgo.sedelectronica.gal), no prazo de CINCO (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte, tamén poderase presentar na oficina de correos, na forma que se establece reglamentariamente e nos demais lugares que se indican no art 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común. Se no prazo de 2 días hábiles a contar desde o seguinte á finalización do prazo de presentación non se recibe a solicitude, esta quedará rexeitada, polo que se recomenda a súa presentación no rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo ou a través da sede electrónica concellodocorgo.sedelectronica.gal. No caso de presentar a solicitude noutro lugar ou por outro medio, o interesado deberá acreditar o dito envío, remitindo o mesmo día copia da solicitude ao fax 982302068 ou por mail a concello.ocorgo@eidolocal.es. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Na solicitude os aspirantes manifestarán que reúnen tódolos requisitos da convocatoria e aportarán a documentación acreditativa dos méritos que alegan, ben en orixinal ou ben en copia compulsada, achegándoos xunto coa súa solicitude, na que se relacionarán os méritos que se aportan.

*Rematado o prazo de presentación de solicitudes e transcorridos os dous días hábiles para recibir a documentación presentada en Correos ou en Rexistros diferentes ao deste concello, a Alcaldía ditará resolución, **no prazo máximo de 2 días hábiles**, ordeando a publicación da lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase unicamente no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web: www.concellodocorgo.com e na sede electrónica do concello do Corgo, concellodocorgo.sedelectronica.gal, sinalándose un prazo de **dous (2) días hábiles**, contados a partires do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de presentarse noutros rexistros diferentes ao do concello, as emendas deberán recibirse nun prazo máximo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao de finalización do prazo anterior. Se estes prazos finalizaran en sábado entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.*

Na publicación indicárase o nome e apelido, DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

*Rematado o prazo de subsanación e transcorridos os dous días hábiles referidos anteriormente, ditarase resolución nun prazo máximo de **2 días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.*

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira das presentes bases.

Os datos persoais (nome, apelidos e, no seu caso, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, é co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1 Composición:

De conformidade con canto se establece polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, o tribunal terá a seguinte composición:

·Presidente: Un empregado público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

·Secretario: Un empregado público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

·Vogais: Tres empregados públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

6.2 Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluídas as probas, elevarase proposta do candidato para a formalización do correspondente contrato laboral, que en ningún caso poderá exceder do nº de prazas convocadas.

O mesmo día de celebración das probas elevarase proposta do candidato seleccionado, que vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder a súa revisión, consonte ao establecido nos Art. 106 e seguintes da Lei 39/2015. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo con esta última Lei.

6.3 Data e lugar de constitución do Tribunal

O Tribunal constituirase na casa do concello nun prazo non superior a 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á data na que se publique o seu nomeamento. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

Na constitución do tribunal fixarase a lugar, data e hora para a celebración da proba selectiva, que terá lugar, como máximo nun prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á data de constitución. A data, lugar e hora das probas publicarase no Taboleiro de edictos e na páxina web municipal: www.concellodocorgo.com.

Celebradas as probas de coñecemento, o Tribunal publicará as cualificacións obtidas polos candidatos nun prazo non superior a 2 días hábiles, excluídos os sábados.

6.4.- Abstención e Recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei de 40/2015, de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei.

SÉTIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DO CANDIDATO/A SELECCIONADO/A

O candidato proposto para traballador/a social deberá achegar no prazo de 5 días, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente, xunto a instancia de participación:

- Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do estranxeiro cidadán dun Estado membro da UE.
- Copia compulsada ou documento orixinal, para o seu cotexo, da titulación esixida nos termos establecidos na base terceira.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso, se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

OITAVA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral temporal a tempo completo.

NOVENA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexítimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriera um mês dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

DÉCIMA.- Os candidatos que superen as probas selectivas, pero non acaden a puntuación para seren contratados integrarán unha lista ou bolsa de emprego, para futuras contratacións que se poidan realizar a consecuencia de baixas por incapacidade laboral ou outras circunstancias.

ANEXO I.- Modelo de instancia:

Dña./D....., con DNI o documento de estranxeiro nº....., con domicilio aos efectos de notificación en....., nº de teléfono.....,

EXPÓN:

Que reúno tódalas condicións esixidas polas bases da convocatoria para participar no proceso selectivo para _____, convocatoria anunciada no BOP nº ..., de data

En virtude do que, solicito ser admitido para participar no proceso de selección da referida convocatoria, presentando a documentación seguinte:

- 1.- Fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta de estranxeiro.
- 2.- Título orixinal ou fotocopia compulsada do título esixido nas bases.
- 3.- Título CELGA 4 ou curso de iniciación.
3. Outra documentación: _____

O Corgo, _____ de _____ de ____

Os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ao superior ao 33% **deberán indicalo expresamente na solicitude**, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, acompañándoa da correspondente certificación acreditativa do grao e tipo de minusvalidez, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

NOTA: Os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO.

ANEXO II. Temario

1.- LEI 13/2008, DE 3 DE DECEMBRO, DE SERVIZOS SOCIAIS

2.- DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO.

3.- LEI 39/2006, DE 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.

4.- ORDE DE VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR DO 22 DE XANEIRO DE 2009 POLA QUE SE REGULA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DOGA 2.02.2009).

5.- DECRETO 15/2010, DO 4 DE FEBREIRO, POLO QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA E A ATENCIÓN Á DEPENDENCIA, O PROCEDEMENTO PARA A ELABORACIÓN DO PROGRAMA INDIVIDUAL DE ATENCIÓN E A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS TÉCNICOS COMPETENTES.

O Corgo, a 29 de setembro de 2021.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija”

O Corgo, 1 de outubro de 2021.-O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2859

COSPEITO

Anuncio

O Pleno do Concello de Cospeito en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de outubro de 2021, acordou aprobar as bases que rexeran a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a axudar aos sectores da hostalería e outras pequenas empresas ante os efectos económicos da covid-19 que resultan ser as seguintes:

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A AXUDAR AOS SECTORES DA HOSTALERÍA E OUTRAS PEQUENAS EMPRESAS ANTE OS EFECTOS ECONÓMICOS DA COVID-19

BASE PRIMEIRA. OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas Bases consiste en regular a norma pola que se rexerá a convocatoria pública de axudas para as persoas autónomas e microempresas de ata 10 persoas traballadoras cuxa actividade se vira afectada durante a pandemia, radique no termo municipal de Cospeito e cumpra os requisitos que se establecen nas presentes bases.

A finalidade destas axudas é paliar o impacto na actividade económica que supuxeron as declaracións dos estados de alarma, coas distintas restricións pola evolución da pandemia e o peche perimetral e illado do Concello Cospeito entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021, ordenado por normativa da Xunta de Galicia pola que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 da Xunta de Galicia, a través da achega de liquidez ás empresas e persoas autónomas do Concello de Cospeito para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e o emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos de alugueiro (bens mobles e inmobles)
- Gastos de alugueiro de maquinaria e/ou vehículos.
- Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade.
- Servizos profesionais independentes; xestoría, asesoría e consultaría.
- Gastos de subministro de auga, luz, gas e teléfono.
- Primas seguras; seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Vinculados co exercicio da actividade económica.
- Mantemento de comunicacións: teléfono, internet, correos, mensaxería.
- Compra de mercadorías relacionadas coa actividade.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Os efectos do previsto nas presentes bases, consideraranse subvencionables todos os gastos efectivamente realizados dende o 14 de marzo de 2020 ata a data de finalización do prazo de presentación desta axuda. Polo

tanto, o período de imputación de gastos a esta subvención será dende o 14 de marzo de 2020 ata a data límite outorgada polo Concello de Cospeito para solicitar as axudas que rexen estas bases.

BASE SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

1. Regulación legal

O marco normativo está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais disposicións aplicables e as restantes normas de dereito administrativo, respectando, en todo caso o establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e o Real Decreto Lei 5/2018, de 27 de xullo de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos.

2. Concorrenza

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria realizarase en réxime de concorrenza non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia isto é, terase en conta a orde temporal de entrada da solicitude ata terminar o crédito orzamentario destinado a esta finalidade .

3. Publicación

As Bases reguladoras desta subvención publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, conforme ao artigo 9.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e, así mesmo na sede electrónica do concello de Cospeito.

Posteriormente, o extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, cuxa publicación iniciará o prazo de presentación de solicitudes a partir do primeiro día hábil seguinte.

O acordo de resolución será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Cospeito e na Base de Datos Nacional de Subvencións, fornecendo esta publicación os efectos da notificación. Conforme ao artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, deberase remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da citada Lei.

As persoas beneficiarias deberán, así mesmo, dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

BASE TERCEIRA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para o exercicio 2021, o importe máximo destinado ás axudas ascenderá a contía de 10.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 433.48000

Tendo en conta o obxecto e finalidade das presentes axudas, o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrenza non competitiva para tódolos solicitantes que cumpran as condicións e ata finalizar o crédito dispoñible.

As axudas serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado.

BASE CUARTA. REQUISITOS. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar as subvencións previstas nas presentes bases aquelas persoas, físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou ben, outras entidades económicas sen personalidade xurídica,

legalmente constituídas, que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que se trate dunha actividade empresarial, excepto aquelas actividades incluídas no epígrafe CNAE 9200. Actividades de xogos de azar e apostas.

b) Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa física (traballador/a autónomo/a), ou unha microempresa ou pequena empresa.

As microempresas son aquelas definidas conforme ao Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros.

Terán a consideración de persoas traballadoras autónomas beneficiarias aquelas que tributen mediante o sistema de módulos ou ben as que tributando en estimación directa non superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio anual no ano 2020, según a declaración de I.V.E. anual modelo 390. En caso de estar exento de I.V.E., según declaración do trimestre do ano 2020.

c) Que a actividade tivese unha baixada de facturación igual ou superior ao 30%, no ano 2020 con respecto do ano 2019.

No caso de non poder realizarse a comparativa anterior por tratarse dunha empresa creada no ano 2020, realizarase a comparativa entre o trimestre de maior e o de menor facturación do ano 2020.

No caso de ser unha empresa creada no ano 2021, a comparativa será entre o mes de maior e o de menor facturación do ano 2021.

1) Os datos para realizar as comparativas deberán ser os que consten no modelo 390 do I.V.E., ou nos modelos 130 (cuarto trimestre).

2) Para a comparativa de datos por meses deberanse ter en conta os datos do libro rexistro de facturas emitidas dos períodos alegados polo solicitante.

3) No caso de que as persoas ou entidades solicitantes tributen no réxime de estimación obxectiva ou módulos, a diminución de facturación deberase acreditar, en caso de ser requerido, coas copias, referidas aos períodos de comparación, do libro de facturas emitidas e recibidas, ou libro diario de ingresos e gastos, ou libro rexistro de vendas e ingresos, ou o libro de compras e gastos, ou calquera outra forma admitida en dereito para acreditar a diminución na facturación, como poden ser, entre outros e tendo en conta a actividade económica, a presentación de descenso de consumo de enerxía eléctrica, copia do rexistro de caixa ou cobramentos e pagamentos por TPV, ou calquera outro medio, dos anos dos que se alegue a dismunición de facturación.

d) Que a actividade empresarial se desenvolva dentro do termo municipal de Cospeito, con independencia do domicilio fiscal, con data anterior a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

e) Que estea dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal de Administración Tributaria no momento da presentación da solicitude.

Dada a natureza extraordinaria, tanto das actuacións subvencionables destas bases reguladoras como da situación do estado de alarma e emerxencia sanitaria da que derivan e que provocou que a meirande parte de persoas autónomas e empresas solicitaran aprazamento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou á CCAA ou mesmo non poidan afrontar transitoriamente a súa satisfacción puntual, de acordo co establecido no artigo 10.2 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, se exime ás persoas beneficiarias desta subvención do requisito de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte da SS e á Administración Pública da CA e o Concello no momento da concesión da axuda, sempre que se dea a seguinte circunstancia, que deberá acreditarse perante a declaración responsable que figuran no Anexo I da presente convocatoria.

BASE QUINTA. CRITERIOS E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Para os efectos de concesión das subvencións previstas nas presentes Bases terase en conta a orde temporal de entrada das solicitudes que reúnan todos os requisitos.

A contía da axuda será como máximo de 1.000,00 euros por solicitante.

Non se poderá conceder máis dunha subvención a cada solicitante, aínda que teña máis dunha actividade empresarial, profesional, ou comercial.

O aboamento das subvencións reguladas nesta orde realizarase polo cen por cento do importe xustificado, mediante ingreso na conta corrente da que se achegará certificado de titularidade no momento da solicitude.

Esta axuda será compatible con calquera outra concedida polas distintas administracións públicas con competencia neste eido, sempre que non superen o custo total dos gastos subvencionables.

O importe máximo destinado ás axudas ascenderá a 10.000,00 euros, de acordo coa consignación orzamentaria procedente.

BASE SEXTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes para participar no presente procedemento haberán de presentarse no prazo de quince días naturais, a contar dende o día hábil seguinte á publicación do extracto no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Da devandita publicación darase información na sede electrónica do Concello de Cospeito.

As solicitudes deberán formularse no modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións que constarán na convocatoria e que se poderán descargar na web do Concello de Cospeito (www.concellodecospeito@concellodecospeito.es) e deberán acompañarse da documentación complementaria.

As solicitudes, presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Cospeito conforme ao artigo 16 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

1.- Documentación xeral.

- a) NIF/CIF/NIE da persoa física ou xurídica titular da actividade.
- b) Certificado censal actualizado.
- c) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores/as Autónomos/as ou á Mutua profesional correspondente actualizado.
- d) Certificado da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxa persoa titular sexa a mesma solicitante.
- e) Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou persoa que ostente a representación legal ou apoderamento da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións (Anexo II)
 - Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
 - Que o local do desenvolvemento da actividade se atopa no termo municipal de Cospeito.
 - Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.
 - Que, dende a declaración do estado de alarma do 14 de marzo de 2020, tivo unha baixada de facturación de alo menos un 30%, comparando os datos de facturación do ano 2020 co 2019. No caso de por ser nova creación non teña datos do ano anterior, a baixada de facturación comparárase entre o trimestre de maior e o de menor facturación.
 - Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.
 - Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de 3 meses dende a recepción desta subvención.
 - Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.
 - Tendo en conta o establecido nestas bases, o Concello non compensará da axuda a existencia de débedas con esta Administración Local, Seguridade Social, Facenda e AEAT.
 - Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

2.- Documentación específica:

- a) Documentación acreditativa da baixada de facturación, con algúns dos seguintes modelos:
 - Modelo 390 dos anos 2019 e 2020.
 - Modelo 130 IV trimestre dos anos 2019 e 2020.
 - Libro rexistro de facturas emitidas dos periodos a comparar.
 - Outros documentos acreditativos.
- b) Facturas e os seus xustificantes bancarios de pago por un importe igual ou superior a cantidade da subvención.

BASE SÉTIMA.- TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E EMENDA DAS SOLICITUDES

Nomearase unha Comisión de valoración, encargada da avaliación das solicitudes e emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

Para estes efectos a Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: funcionaria da área de Intervención do Concello de Cospeito.
- Vogais: funcionaria municipal da área de Tesouraría do Concello de Cospeito.
- Secretaría da comisión avaliadora (con voz e voto): funcionaria da área de Secretaría do Concello de Cospeito

Recibida a avaliación das solicitudes e emitido ditame pola Comisión de Valoración, levará a cabo a instrución do procedemento e elevará, informe-proposta á Xunta de Goberno Local, propoñendo a estimación ou desestimación da solicitude formulada. A Comisión comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá á persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así no o fixera, se considerará que a persoa ou entidade interesada desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da lei 39/2015. Os requirimentos realizaranse telemáticamente.

BASE OITAVA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

8.1.- Realizarase a través de convocatoria pública, seguindo o procedemento de concorrencia non competitiva, en réxime de avaliación individualizada, comprobando que as persoas ou entidades solicitantes cumpran coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na súa convocatoria, tramitándose a súa concesión por estrito orde de rexistro de entrada (data e hora) das solicitudes completas e correctas.

No caso de non presentar nunha solicitude a documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a data e hora da última presentación relativa á devandita solicitude.

Unha vez analizadas todas as solicitudes, o órgano competente emitirá listado provisional de admitidos e excluídos. Este listado publicarase para os efectos de notificación as persoas interesadas na sede electrónica municipal do Concello, e contemplará o motivo da exclusión de cada unha das solicitudes non admitidas.

Unha vez que se publique este listado, as persoas ou entidades excluídas disporán dun prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación, para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno, ou de ser o caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

Transcorrido o prazo de presentación de alegacións, a comisión de valoración procederá a emitir listado definitivo de admitidos e excluídos desta convocatoria de axudas, que deberá ser aprobado en XGL e realizada a súa posterior notificación e publicación.

A Xunta de Goberno local que adoptará acordo para a concesión da subvención e posteriormente realizarase o pago da mesma.

O prazo máximo para a resolución do procedemento será de tres meses, dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

8.2.- As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e, contra elas, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

BASE NOVENA. REINTEGRO VOLUNTARIO DAS SUBVENCÍONS

9.1.- De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/200, de 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta que indicará o departamento de tesourería, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

9.2.- A tal efecto presentarán escrito dirixido no rexistro do Concello de Cospeito informando da renuncia á axuda e solicitando o número de conta a efectos de reintegro.

9.3.- En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar no rexistro do concello copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten os datos identificativos do titular da axuda concedida, a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente.

BASE DÉCIMA. OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

10.1.-As empresas beneficiarias da axuda deberán manter a actividade empresarial durante un tempo mínimo de tres meses desde a concesión da subvención.

10.2.-As persoas traballadoras autónomas beneficiarias da axuda deberán manter a alta no RETA durante un tempo mínimo de tres meses desde a concesión da subvención.

10.3.-Todas as persoas beneficiarias deberán comunicarlle ao órgano concedente, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

10.4.-Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións e achegar a información que lles sexa requirida.

10.5.-Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

10.6.-Deben manter unha pista de auditoría suficiente e ter na contabilidade de xeito separado o ingreso da axuda percibida, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante os dous anos seguintes a súa concesión.

10.7.-Tódalas persoas beneficiarias (físicas e xurídicas) estarán suxeitas a aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10.8.-Todas as persoas e entidades beneficiarias deberán dar publicidade do financiamento do Concello de Cospeito.

BASE UNDÉCIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGO DAS AXUDAS.

O aboamento da subvención levarase a cabo mediante un pago único, previa comprobación de que a documentación xustificativa presentada é a correcta de conformidade co obxecto da subvención, e tendo en conta que ésta xa deberá formar parte da documentación que acompaña á solicitude.

No caso de incumprimento das obrigas detalladas nesta convocatoria, o órgano xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

BASE DUODÉCIMA. REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS.

11.1.- Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

11.2.- A obtención, falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedisen, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da totalidade da axuda e ao seu reintegro. Esta circunstancia é constitutiva dunha infracción moi grave, segundo o artigo 53.a da lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e poderanse impoñer as sancións recollidas no artigo 61.1 da mesma lei, de multa pecuniaria proporcional do dobre á tripla da cantidade indebidamente obtida.

BASE DÉCIMO TERCEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS ACHEGADOS COA SOLICITUDE

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de e que este concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados, na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo concellodecospeito@concellodecospeito.es

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, rúa Jorge Juan, 6, 28002 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do

5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

BASE DÉCIMO CUARTA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Estas axudas son compatibles con calquera outra subvención, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, autonómica, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En ningún caso o importe da subvención unido ao de outras posibles axudas, para a mesma finalidade, poderán superar o 100% do gastos correntes nos que se teña incorrido e imputado nesta convocatoria de axudas.

DISPOSICIÓNS FINAIS

- 1.- En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.
- 2.- A convocatoria entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP.

ANEXOS

ANEXO I e ANEXO II (Documento único)
--

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CONVOCATORIA DE AXUDAS A SECTORES AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA DO CONCELLO DE COSPEITO	SOLICITUDE

(Datos da persoa solicitante cando pode ser unha persoa física ou xurídica)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico ou teléfono facilitado a seguir	
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO MÓVIL

(Datos bancarios)

DATOS BANCARIOS						
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.						
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)		
				IBAN		

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Coñecer e aceptar integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.

4. Que o local do desenvolvemento da actividade se atopa no termo municipal de Cospeito.

5. Que perante a Seguridade Social, figuro dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.

6. Que, dende a declaración do estado de alarma do 14 de marzo de 2020, tivo unha baixada de facturación de alo menos un 30%, comparando os datos de facturación do ano 2020 co 2019. No caso de por ser nova creación non teña datos do ano anterior, a baixada de facturación comparárase entre o trimestre de maior e o de menor facturación.

7. Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.

8. Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de 3 meses dende a recepción desta subvención.

9. Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.

10. Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

- Autorizo ao concello de Cospeito para que solicite, en calquera momento da tramitación da subvención, certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social e co Concello Cospeito e a súa situación no censo de actividades económicas da AEAT.

SI

NO

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
<input type="checkbox"/> NIF/CIF/NIE da persoa física ou xurídica titular da actividade
<input type="checkbox"/> Alta como autónomo na Seguridade Social (RETA)
<input type="checkbox"/> Certificación censal actualizado
<input type="checkbox"/> Certificado de titularidade de conta bancaria
<input type="checkbox"/> Modelo 390 dos anos 2019 e 2020
<input type="checkbox"/> Modelo 130 dos cuartos trimestres dos anos 2019 e 2020
<input type="checkbox"/> Libro rexistro de facturas emitidas dos períodos a comparar
<input type="checkbox"/> Facturas e os seus xustificantes bancarios de pago por un importe superior á cantidade solicitada de subvención
<input type="checkbox"/> Outros documentos acreditativos:

(Texto informativo básico sobre a protección de datos persoais.)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	<i>Concello de Cospeito</i>
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos a esta Entidade.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias. Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo concellodecospeito@concellodecospeito.es . Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, rúa Jorge Juan, 6, 28002 Madrid (www.agpd.es)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	Avda. Terra CHÁ, 29C/P 27377 cospito (Lugo) tamén dirixindo e-mail a: concellodecospeito@concellodecospeito.es ditas solicitudes deberán ser dirixidas a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

(Cadro de sinatura)

[SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE]					
Lugar e data					
Cospeito	,	de		de	

Cospeito, 7 de outubro de 2021.- O ALCALDE, Armando Castosa Alvariño.

R. 2909

MONTERROSO

Anuncio

Na Xunta de Goberno de 22/0921, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de outubro de 2021 ao 22 de novembro de 2021.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 28 de setembro de 2021.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2860

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/23095

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Jorge López Morado

Nombre del río o corriente: Rego do Medio

Caudal solicitado: 0,058 l/seg.

Punto de emplazamiento: Coto de Frades

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo)

Destino: Uso ganadero

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Arqueta de captación y conducción por tubería a un abrevadero.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de A Fonsagrada o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 28 de septiembre de 2021.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2846

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO - SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente: **A/27/33465**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

Nombre del río o corriente: Rego de Abelleira

Volumen solicitado: 300 m³/año

Punto de emplazamiento: Abelleira en la parroquia de Vilapedre (San Mamede)

Término Municipal y Provincia: Vilalba (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en el Rego de Abelleira, mediante una toma fija que se conectará con una arqueta en la que se colocará una tubería por la que circularán las aguas hasta el depósito de extinción de incendios.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Vilalba, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 28 de septiembre de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2861